



Concello de Monterroso

ACTA DE CONSTITUCIÓN, REALIZACIÓN DE PROBA ESCRITA E VALORACIÓN DE MÉRITOS DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA O CONCELLO DE MONTERROSO MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

LUGAR: Salón de Sesiós da casa do Concello de Monterroso"

DÍA: 12 de xuño de 2017.

CONVOCATORIA: Xunta de Goberno Local de 15 de maio de 2017.

Reunidos os membros do Tribunal de selección, baixo a presidencia de Blanca M^a Vázquez Enríquez, tesoureira do Concello de Monterroso, os vogais dona Pilar Fernández Moure, traballadora social do Concello de Monterroso, don Luis Eduardo Rodríguez Fernández, profesor de Ed. Secundaria e don Luis Casais Ageitos, profesor de Ed. Secundaria, e actuando como secretario o do Concello de Monterroso, Froilán Pallín Seco.

Infórmase aos componentes do Tribunal que con data 29 de maio de 2017 saíu publicado no BOP a convocatoria para a selección con carácter temporal dun posto de técnico de Turismo, transcurrido o prazo para a presentación de solicitudes que foi desde o día 30 de maio ata o 5 de xuño non foi presentada ningunha solicitude.

O día 7 de xuño de 2017 (número de entrada 728) presenta D. Constantino González Varela, con D.N.I.: 44091112C solicitude de participación para a referida praza. O Tribunal acorda aceptar a mesma dado que non existe ningunha outra presentada en tempo.

Prevía aceptación dos señores referidos, pola señora Presidenta declárase constituído o Tribunal.

En primeiro lugar, procédese á valoración dos **méritos** alegados polo solicitante, de conformidade con canto se establece nas bases da convocatoria. Logo do exame da documentación presentada o tribunal acorda non valorar os méritos presentados por non ser correctamente acreditados.

Acto seguido, procédese á aprobación da proba práctica que deberán realizar os aspirantes tal e como se recolle nas bases de convocatoria.

Consiste na elaboración dun folleto informativo do tramo do Camiño Francés ó seu paso por Ligonde, co seguinte resultado:

<u>Aspirante</u>	<u>Puntuación</u>
Constantino González Varela	5



Concello de Monterroso

Da suma de todas as cualificacións resulta o seguinte resultado por orde decrecente:

					TOTAL		TOTAL
	Experiencia	Inglés	Galego	Cursos	TOTAL MÉRIT	PROBA ESCR	PROB +MÉRIT
Constantino González Varela	0	0	0	0	0	5	5

O Tribunal, unha vez efectuada a suma das puntuacións obtidas, acorda a publicación da relación de aspirantes pola orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web www.monterroso.es e a súa elevación ao alcalde do Concello de Monterroso para a súa aprobación.

Así mesmo, outórgase un prazo de **2 días hábiles** ós aspirantes ós efectos de revisión e reclamacións que estimen oportunas.

Rematado o acto, sendo as doce horas, asínase polos que interveñen a presente acta en dous exemplares no lugar e data ó comezo sinalados.

A presidenta do Tribunal

O secretario do Tribunal

Os vogais

A block containing three handwritten signatures in blue ink. To the left of the signatures is a circular official stamp of the Concello de Monterroso, Lugo, featuring the coat of arms of the municipality.